

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR NO PARLAMENTO GALEGO O 18 DE OUTUBRO DE 2023, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

#### **PROXECTO DE LEI**

##### **CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

- Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.
- Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.

#### **ACORDOS**

##### **VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda e prórroga do convenio de colaboración entre a extinta Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e o Concello de Vigo para o financiamento da continuidade dos traballos de redacción da revisión do Plan xeral de ordenación municipal.

##### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Economía, Industria e Innovación e o Concello das Pontes de García Rodríguez para a construción dun centro loxístico no concello das Pontes de García Rodríguez, por un importe total de douscentos corenta e nove mil douscentos sesenta e dous euros con sesenta e cinco céntimos (249.262,65€).

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FP E UNIVERSIDADES

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e o Concello de Santiago de Compostela para a xestión do servizo de comedor escolar en nove centros educativos radicados no concello, polo importe máximo de douscentos doce mil oitocentos trinta e catro euros con sesenta céntimos (212.834,60€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, e a Universidade da Coruña para completar as axudas ao persoal investigador do programa Cofund destinado no Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e das Comunicacions (CITIC), por un importe total de cincocentos sesenta mil trescentos oitenta euros (560.380,00€).

### CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade a concesión de anticipos do 100% da contía da subvención e a adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras da concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a realización de actividades no ámbito de prevención de riscos laborais conforme a Lei 39/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais e se procede á súa convocatoria na Comunidade Autónoma de Galicia nos exercicios de 2023 e 2024, por un importe total de seiscentos catro mil cento oitenta e catro euros (604.184,00 €).

## INFORMES

### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Informe sobre as bases reguladoras das axudas para a execución de accións de promoción exterior das empresas galegas: Galicia Exporta Empresas e Galicia Exporta Organismos Intermedios.
- Informe sobre as bases reguladoras das axudas para facilitar o financiamento da adquisición de uva polas adegas de elaboración de viño acollido ás denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas vitivinícolas galegas para a campaña 2023.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Informe sobre a execución do plan de formación do persoal da Dirección Xeral de Defensa do Monte durante o ano 2023.

### **CONSELLERÍA DO MAR**

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da declaración de emerxencia para a contratación dun servizo de retirada e destrución do viveiro de cultivo de peixes, situado no polígono 1 do distrito de Sada, por un importe de douscentos dez mil setecentos oitenta e dous euros (210.782,00€).

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA APROBA O ORZAMENTO MÁIS ALTO DA HISTORIA QUE ASCENDE A 13.257M€**

- Destaca que, un ano máis, se dea luz verde os orzamentos “en tempo e forma” e subliña que Galicia “é unha das primeiras comunidades en aprobar as contas para 2024”
- Subliña que medran un 5% con respecto ás vixentes e sen “recorrer ao endebedamento por primeira vez en 16 anos”
- Resalta que a Xunta aposta por unhas contas “prudentes, realistas”
- O conselleiro de Facenda destaca que con estes orzamentos “invístese en persoas, en futuro e en estabilidade”
- O Goberno galego reforza un ano máis o gasto social que supera os 9.700M€, e será o máis alto da historia da Comunidade
- Destinanse máis de 2.800 millóns a investimentos, un 2,4% máis que no 2023 cun esforzo investidor acumulado nesta lexislatura que supera os 10.500M€
- Os orzamentos do vindeiro ano consolidan todas as rebaixas fiscais en vigor e inclúen dous novos incentivos para a compra de inmobles e automóbiles usados

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou de que o Consello deu luz verde hoxe ao Proxecto de lei de Orzamentos da Comunidade Autónoma para 2024, “os máis altos da historia de Galicia con 13.257 millóns de euros”. “Galicia é unha das primeiras comunidades en aprobar os seus orzamentos para 2024 e, un ano máis, facémolo en tempo e forma”, subliñou.

Rueda resaltou que o Goberno galego segue “a súa folla de ruta de estabilidade”. Por iso, hoxe aprobou uns orzamentos que medran un 5% respecto a 2023 e que teñen como prioridade “o crecemento estable, a creación de emprego, o reforzo dos servizos públicos, o apoio a familias e empresas e o impulso decidido de proxectos transformadores”.

Tal e como explicou, estes orzamentos consolidan todas as rebaixas de impostos en vigor e inclúen novos incentivos fiscais; reforzan o gasto social e os investimentos e todo iso “sen recorrer ao endebedamento por primeira vez en 16 anos”. “Son unhas contas prudentes e realistas”, destacou.

#### **Estabilidade, persoas e futuro**

Pola súa banda, o conselleiro de Facenda e Administración Pública, Miguel Corgos, salientou que os recursos orzamentarios de 2024 están orientados a tres obxectivos principais: “investir en estabilidade, investir nas persoas, e investir no futuro”.

Así, explicou que os presupostos do ano que vén invisten en estabilidade cunhas finanzas solventes, que non xeran débeda e que consolidan os beneficios fiscais aos

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

galegos e ás galegas para ser unha das comunidades cun mellor tratamento ás rendas medias e baixas. Corgos destacou que investir en estabilidade “permite ter contidos os gastos en xuros cun aforro de 490M€ na lexislatura”; ser a comunidade autónoma que menos incrementou a débeda desde o ano 2008; ou estar entre as comunidades con menor necesidade de esforzo para a consolidación fiscal.

En segundo lugar, os orzamentos permitirán investir nas persoas para reforzar os servizos públicos autonómicos e reforzar tamén o apoio aos galegos e galegas que máis o precisan; apostan pola modernización do servizo de saúde; a inclusión de novas prestacións; o reforzo dos servizos sociais, en especial a atención aos maiores; reforzan o apoio ás familias e as políticas de vivenda; e impulsan medidas de integración no mercado de traballo e loita contra a exclusión. Neste marco, destinaranse 255M€ a atención hospitalaria; 61M€ para infraestruturas e equipamentos en atención primaria; 27,5M€ para a construción de vivendas en alugueiro social; 25M€ para o programa de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio; 16,2M€ para o bono deportivo; 14,8M€ para o centro de protonterapia; 14,5M€ para a inclusión social de colectivos vulnerables; 7,7M€ para redimensionar a oferta de formación profesional; o bono coidado universal para persoas con dependencia atendidas no seu domicilio de 5.000€ ao ano; ou o complemento de 1.200€ para as persoas que reciban unha axuda para residencias privadas.

E, en terceiro lugar, son unhas contas que invisten no futuro, que sentarán as bases do crecemento e do emprego futuros, fomentando o desenvolvemento dos proxectos transformadores que Galicia está a impulsar para a transición dixital, ecolóxica e enerxética, aproveitando os fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia. Neste bloque inclúense 14,3M€ para o Centro de Ciberseguridade de Galicia e xestión intelixente; 14M€ para emprendemento e competitividade; 9,1M€ para a descarbonización das pemes e incentivos ás enerxías renovables; 8M€ para o polo de tecnoloxías cuánticas; 5M€ para o Centro de formación avanzada en transición dixital e verde na Cidade das TIC; 12M€ para a promoción da Tenreira Galega; ou 11M€ para investimentos en tecnoloxías forestais.

### **O maior reforzo do gasto social e dos investimentos**

Tal e como explicou Rueda, os Orzamentos de 2024 reforzan un ano máis tanto o gasto social tradicional (sanidade, educación e políticas sociais) como o gasto para o fomento do emprego. Así, estas contas inclúen o maior gasto social da historia da Comunidade que ascende a 9.774 millóns de euros (1.234 millóns máis que hai tres anos) para sanidade, ensino, políticas sociais e emprego.

Rueda salientou que “por primeira vez se destinarán máis de 5.000 millóns de euros á sanidade pública”. Pola súa banda, Corgos engadiu que “tanto o ensino coma as políticas sociais terán máis recursos que nunca” con 2.858 millóns ao ensino público, 1.303 a políticas sociais. A eles hai que engadir 448 millóns para o emprego.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por outra banda, o proxecto de lei aprobado hoxe polo Consello da Xunta inclúe tamén un reforzo do investimento produtivo, de forma que o vindeiro exercicio, a Comunidade disporá de 2.838 millóns de euros para investimentos, un 2,4% máis que no 2023. Se se ten en conta o esforzo investidor acumulado nesta lexislatura, nos últimos catro anos a cifra supera os 10.500 millóns de euros.

### **Política fiscal e novas rebaixas de impostos**

En materia de política fiscal, a Xunta conta cun modelo fiscal propio e previsible, que inclúe rebaixas tributarias que priorizan cada ano ás rendas medias e baixas e con colectivos prioritarios: os mozos e mozas menores de 36 anos; as familias numerosas; as persoas con discapacidade ou as vítimas de violencia de xénero.

Os orzamentos do ano que vén consolidarán todas as rebaixas fiscais postas en marcha ata o momento. Neste marco, hai que lembrar que a Xunta xa aprobou en materia de IRPF catro rebaixas do tramo autonómico desde o ano 2014 grazas ao que Galicia se sitúa hoxe como a 3º comunidade autónoma con mellor tratamento fiscal para rendas de ata 20.000€. É ademais, a comunidade con mellor tratamento fiscal no Imposto de Sucesións, pois o 99,9% das herdanzas de un familiar directo non tributan; e foi pioneira en España en implantar un programa: 'Impostos 0 no Rural'.

Como novidade, na declaración do IRPF do ano 2024 as familias con dous fillos xa poderán deducir 250€, dedución que ata agora tiñan as familias numerosas e que agora se duplica, ata os 500€. Ademais, por cada fillo a maiores, a partir de tres, esta dedución, incrementarase noutros 250€.

En canto ao Imposto de Transmisións Patrimoniais (ITP), o vindeiro ano rebáixase un punto o tipo xeral para a compra de inmobles usados (pasa do 9% ao 8%), que se suma a outro punto que xa se baixara no ano 2022; rebáixase máis da metade o ITP para a compra de vehículos usados (do 8 ao 3%), e elimínase o imposto para as compras de vehículos cualificados de 'baixas emisións'.

En definitiva, tal e como salientou Corgos son unhas contas con máis recursos ca nunca, que invisten en estabilidade cunhas finanzas solventes e que consolidan os beneficios fiscais para os galegos e as galegas; que invisten nas persoas co reforzo dos servizos públicos e o apoio aos que máis o precisan; e que invisten no futuro con investimentos produtivos en transición verde e dixital para sentar as bases do crecemento e do emprego futuros.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA AUTORIZA PRORROGAR UN ANO MÁIS O CONVENIO DE FINANCIAMENTO DO PXOM DE VIGO PARA ADAPTAR OS PRAZOS PREVISTOS AO RITMO DE TRAMITACIÓN DO CONCELLO**

- O Consello acorda asinar unha nova addenda ao convenio orixinal, a cuarta ata agora, á vista de que o plan xeral se atopa aínda pendente de aprobación provisional
- Esta é a cuarta vez que se debe axustar a vixencia do acordo suscrito no ano 2017 entre o Goberno galego e o Concello e polo que ambas partes se comprometeron a asumir o 50% dos custos de elaboración do novo planeamento urbanístico vigués
- Os cambios afectan aos últimos pagos, reaxustando á anualidade de 2024 a achega final da Xunta de 205.000 € despois de que o PXOM se aprobe definitivamente

A Xunta autorizou hoxe prorrogar por un ano máis a vixencia do convenio para o financiamento dos traballos de elaboración do novo Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) de Vigo, co fin de adaptar o calendario previsto ao ritmo real de tramitación do concello e ás últimas previsións respecto ao desenvolvemento dos traballos.

Así o acordou esta mañá o Consello, que validou a sinatura dunha addenda e da referida prórroga do convenio de colaboración suscrito a finais de 2017 entre Xunta e Concello, á vista de que o documento urbanístico se atopa pendente de aprobación provisional e, por tanto, este ano, a pesar das previsións iniciais, non recibirá o visto e prace definitivo por parte do pleno municipal.

Tras a anulación xudicial do PXOM de 2008, o Goberno galego e o vigués asinaron un acordo en virtude do cal ambas partes se comprometeron a asumir cada unha o 50% dos custos de redacción dun novo plan. Nel se fixou un calendario de financiamento así como a vixencia do mesmo, inicialmente fixada en 4 anos, do 2018 ao 2021, ano no que se debería aprobarse definitivamente o plan, pero que xa se tivo que prorrogar por primeira vez en 2021 co fin de estendela ata este mesmo ano.

Coa cuarta prórroga autorizada hoxe, o convenio de colaboración entre o Goberno galego e o Concello de Vigo para cofinanciar o PXOM prolongarase ata o 19 de novembro do ano 2024.

Tendo en conta que estaba previsto que a Xunta abonara este ano as achegas correspondentes ás fases de aprobación provisional e definitiva do documento, propúxose, por parte do Concello de Vigo, un reaxuste das anualidades de financiamento aos efectos de adecualas ás novas previsións de desenvolvemento dos traballos.

Máis concretamente, os cambios afectan aos dous últimos pagos. Así, para este ano prevese que a Xunta contribúa ao financiamento do PXOM cunha partida de 246.840

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

euros, correspondente á aprobación provisional e, ao mesmo tempo, reaxústase á anualidade de 2024 a achega final do Goberno galego, por un importe de 205.000 euros, despois de que o novo plan xeral quede aprobado definitivamente.

### **Addendas anteriores**

O convenio entre a Xunta e o Concello de Vigo para financiar a elaboración dun novo plan xeral para a cidade sufriu nos últimos anos outras tres modificacións. A primeira, aprobada en 2018, viu motivada tras quedar deserto o contrato licitado polo Goberno local para redactar o documento, o que obrigou a facer unha segunda licitación por un importe maior e a incrementar, polo tanto, o financiamento previsto por ambas partes.

En 2020 asinouse unha segunda addenda ao convenio orixinal co fin de reaxustar as anualidades de financiamento ao ritmo real de tramitación do documento e en 2021 autorizouse a terceira, que implicou un novo reaxuste, quedando fixado o remate do acordo de colaboración para novembro de 2023.

Coa autorización hoxe da sinatura dunha cuarta addenda e da prórroga ao convenio asinado en 2017 co Concello de Vigo, a Xunta dá unha nova mostra do compromiso e implicación demostrados nos últimos anos para dotar á cidade máis grande de Galicia dun instrumento de ordenación á altura das súas necesidades e expectativas.

De feito, cómpre lembrar que a elaboración do PXOM aprobado en 2008 e anulado no ano 2015 tamén recibiu o apoio económico da Xunta —concretamente, 448.690 euros— polo que, en total, investiu ou ten comprometidos case 1,5 millóns de euros para que Vigo conte cun plan xeral propio e adaptado ao marco normativo urbanístico vixente.

Así mesmo, cómpre lembrar que no ano 2017 o Goberno galego regulou por lei as medidas provisionais de ordenación urbanística para dotar de certeza e seguridade xurídica aos concellos, á cidadanía e aos operadores neste eido en caso de anulación do planeamento urbanístico, un cambio normativo que amparou a aprobación do Instrumento de ordenación provisional de Vigo, vixente nestes momentos.

Ademais, ao longo da tramitación do novo PXOM vigués os organismos e departamentos autonómicos consultados nunca superaron o prazo legal de tres meses para emitir os seus informes e a Xunta mantivo sempre a súa disposición a colaborar técnica e economicamente co equipo municipal. O último fito, neste sentido, foi a emisión da declaración ambiental favorable do documento a finais do pasado mes de agosto nun tempo récord: seis días despois de que o concello remitira a documentación completa.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA ASINA UN CONVENIO CO CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ PARA A CONSTRUCIÓN DUN CENTRO LOXÍSTICO**

- A Xunta achega preto de 250.000 euros, para impulsar esta infraestrutura fundamental para dinamizar a economía local e paliar o impacto do peche da central térmica
- Localizarase nunha parcela de 9.000 m<sup>2</sup> no parque empresarial Penapurreira e constará de dúas naves anexas e unha zona de oficinas cunha superficie construída de máis de 2.000 m<sup>2</sup>

O Consello da Xunta acordou na súa reunión desta mañá a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Economía, Industria e Innovación e o Concello das Pontes de García Rodríguez para a construción e posta en funcionamento dun centro loxístico neste municipio.

A Xunta alcanzará un total de 250.000 euros, o 25 % do total. Esta infraestrutura localizarase nunha parcela de 9.000 metros cadrados no parque empresarial Penapurreira e constará de dúas naves anexas e unha zona de oficinas cunha superficie construída de 2.000 metros cadrados. Unha das naves estará destinada a uso loxístico e a outra a almacenamento a granel. Tamén haberá unha báscula de pesaxe de camións e unha ampla zona de manobra, carga e descarga.

Deste xeito, o centro loxístico aspira a dinamizar a economía local e paliar o impacto do peche da central térmica. Aproveitase que na contorna existe unha gran cantidade de empresas e autónomos con vehículos de mercadorías por estrada que nos últimos tempos viron reducida a súa actividade. Deste xeito, a construción deste centro loxístico será unha oportunidade para o mantemento e a creación de emprego.

A previsión é poder asinar este convenio ao longo deste mes e a data límite de xustificación será o 30 de novembro.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA INCREMENTA UN 10 % A COLABORACIÓN CO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA NO SERVIZO DE COMEDOR DE NOVE CENTROS PARA FACER FRONTE Á INFLACIÓN**

- Beneficiaránse máis de 1.000 usuarios dos colexios Apóstolo Santiago, Ramón Cabanillas, Cardeal Quiroga Palacios, Roxos–Vilvestro, Monte dos Postes, Mestre Rodríguez Xixirei, Fontiñas, Vite I e Raíña Fabiola
- Ademais de Santiago, colabórase con Ames, Barreiros, Betanzos, Cangas, Ferrol, Lugo, Manzaneda, Meaño, Mugardos, Muíños, Oroso, Sada, Sarria e Vilalba
- A Xunta destina máis de 1,3M€ para cofinanciar este servizo en 50 centros de 15 concellos e para 4.685 usuarios

O Consello da Xunta autorizou hoxe a renovación do convenio entre a Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades e o Concello de Santiago de Compostela para cofinanciar o servizo de comedor escolar para 1.087 usuarios de nove colexios: Apóstolo Santiago, Ramón Cabanillas, Cardeal Quiroga Palacios, Roxos–Vilvestro, Monte dos Postes, Mestre Rodríguez Xixirei, Fontiñas, Vite I e Raíña Fabiola.

O Goberno galego incrementa nun 10 % a achega para facer fronte á inflación, ata os case 213.000 euros para os cursos 2023/24 e 2024/25, na liña do incremento realizado tamén nos comedores xestionados pola Consellería.

Este novo acordo súmase aos xa renovados, co mesmo incremento orzamentario, cos concellos de Ames, Barreiros, Betanzos, Cangas, Ferrol, Lugo, Manzaneda, Meaño, Mugardos, Muíños, Oroso, Sada, Sarria e Vilalba. Deste xeito, a Xunta eleva o seu investimento no cofinanciamento de comedores xestionados por entidades municipais a máis de 1,3M€, cun total de 4.685 usuarios beneficiados en 50 centros educativos.

Pola súa banda, os devanditos concellos comprométese á elaboración dos menús escolares, á súa repartición e recollida nas mesas do comedor, así como ao coidado e asistencia do alumnado durante as comidas. De acordo coa estratexia de fomento dos hábitos alimentarios saudables que mantén a Consellería, os menús deberán ser equilibrados. Ademais, programáronse actividades de promoción da saúde, hábitos alimenticios e habilidades persoais.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# A XUNTA DESTINA MÁIS DE 560.000€ Á UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA COFINANCIAR A CAPTACIÓN DO TALENTO DE OITO INVESTIGADORES PREDOUTORAIS NO CITIC

A achega poderá empregarse no cofinanciamento do contrato ou como complemento para cubrir os gastos asociados

A Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades asinará un acordo de colaboración coa Universidade da Coruña (UDC) para cofinanciar a contratación de oito investigadores predoutorais no marco do programa europeo COFUND. O Consello da Xunta deu hoxe luz verde a esta colaboración, que beneficia directamente o Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e das Comunicacións (CITIC), que acolle este persoal.

O investimento da Xunta neste acordo supera os 560.000€ ata 2026 que se poderán destinar ao cofinanciamento do contrato ou como complemento para cubrir os gastos asociados, tales como as súas estadias noutros centros ou universidades ou a inscrición en congresos e cursos de formación, entre outros.

A convocatoria MSCA-COFUND, cofinanciada aproximadamente ao 50 % pola Comisión Europea, ten o obxectivo de promover a excelencia en programas de captación de talento, ofrecendo ademais ao persoal investigador contratado unha formación integral.

O programa 3-i ICT é a proposta do CITIC para esta convocatoria europea e inclúe a contratación, en dúas convocatorias, de oito investigadores predoutorais. Os contratos teñen unha duración de 36 meses e é requisito que o persoal captado se matricule na UDC nun programa de doutoramento dos asociados ao CITIC.

As persoas candidatas deben cumprir a regra de mobilidade da convocatoria, é dicir, non residir máis de 12 meses no país que realiza o contrato nos tres anos anteriores á súa formalización. Ademais, deben garantir co cumprimento das tres dimensións establecidas no programa: a internacionalidade, a través da realización de estadias noutros estados durante o seu contrato; a intersectorialidade, con estadias en entidades alleas ao sector académico, e a interdisciplinidade, con proxectos de teses relacionados con dúas disciplinas científicas, unha do ámbito das TIC e outra allea.

O Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e das Comunicacións (CITIC) funciona, precisamente, como punto de encontro entre a Universidade e a empresa no que conflúen departamentos de I+D de empresas do sector TIC, coa finalidade de potenciar o avance e a excelencia neste eido

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DESTINA ESTE ANO MÁIS DE 2 MILLÓNS DE EUROS Á REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES PARA A PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS POR PARTE DE ENTIDADES EMPRESARIAIS E SINDICAIS**

- O Consello do Goberno galego deu visto e praxe a unha nova convocatoria con que a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade convoca axudas por 604.184 euros destinadas a sindicatos e organizacións empresariais sectoriais e intersectoriais
- Estes apoios, financiados con fondos estatais, complementan os xa convocados pola Comunidade este ano por valor de 1,6 millóns de euros coa mesma finalidade
- Financiaranse accións de formación, información e de asistencia técnica
- Coas contías da nova orde, a Xunta de Galicia terá mobilizados máis de 5 millóns de euros a impulsar a prevención de riscos a través das entidades empresariais e sindicais nos últimos tres anos

O Consello da Xunta de Galicia deu hoxe visto e praxe a unha nova convocatoria con que a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade destinará 604.184 euros a impulsar a formación e información na prevención de riscos laborais por parte de entidades sindicais e empresariais.

Estas axudas, financiadas con fondos estatais, súmanse ás xa convocadas este ano pola Comunidade por máis de 1,6 millóns de euros, co que o compromiso de Galicia neste eido materialízase nos máis de 2 millóns de euros destinados este ano á sensibilización, sobre todo entre as pequenas e medianas empresas e os traballadores autónomos.

Serán entidades beneficiarias desta orde asociacións sindicais e empresariais intersectoriais e sectoriais, fundacións sectoriais paritarias para a promoción da prevención (nadas da negociación colectiva ou de acordos sectoriais) e asociacións profesionais de persoas traballadoras autónomas.

Grazas a estes apoios, as entidades recibirán financiamento para desenvolver accións de información e formación no cumprimento da normativa, a través do deseño de métodos e contidos para programas de prevención de riscos.

No caso das organizacións intersectoriais, reciben apoio, a maiores, outras actuacións de asistencia técnica de carácter gratuito. Trátase de accións dirixidas ao estudo e resolución de problemas derivados da aplicación de medidas preventivas. Estarán abertas a persoas traballadoras e/ou entidades empresariais. Estas consultas poderán ser presenciais, telemáticas, telefónicas ou mediante visita ou acompañamento á persoa demandante de asistencia técnica.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Con esta iniciativa, o Goberno galego pretende fomentar a prevención de riscos laborais coa finalidade de promover melloras nas condicións de traballo e elevar o nivel de protección e da seguridade e saúde laboral. As medidas diríxense principalmente ás pequenas e medianas empresas, maioritarias na configuración do tecido produtivo galego.

Coas contías da nova orde hoxe aprobada en Consello, a Xunta de Galicia terá mobilizados máis de 5 millóns de euros para impulsar a prevención de riscos a través das entidades empresariais e sindicais desde 2021.

### **Nova estratexia**

O compromiso da Xunta para adecuar a prevención de riscos ás novas formas de traballo e incidir na redución da sinistralidade nos sectores máis afectados materialízase na recentemente presentada Estratexia de seguridade e saúde no traballo de Galicia: Horizonte 2027. Este documento propón un desenvolvemento ordenado e eficaz das políticas do Goberno galego en materia de prevención de riscos laborais e promoción da saúde no traballo.

A Estratexia que bota agora a andar foi resultado dun proceso participativo e conta co consenso do diálogo social e as achegas de diferentes departamentos da Xunta. Está dotada con 55,8M€ para todo o seu período de vixencia.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA DESTINA MÁIS DE 3 M€ A IMPULSAR A INTERNACIONALIZACIÓN DE PEMES E AUTÓNOMOS GALEGOS CONTRIBUÍNDOLLE Á DIVERSIFICACIÓN DE NOVOS MERCADOS

- Rueda salienta que o obxectivo é que as empresas galegas sigan batendo récords de exportacións e abríndose “a novos mercados”
- Asegura que as achegas buscan tanto promover actividades “de difusión no exterior” como campañas publicitarias e asistencia a feiras coma apoiar “accións para aumentar as exportacións”
- Explica que o Goberno galego lanza unha nova convocatoria dos programas Galicia Exporta Empresas e Organismos Intermedios para mellorar o posicionamento das empresas galegas no mercado internacional
- Estes apoios súmanse ao programa Galicia exporta dixital, que permite ás pemes avanzar nos seus procesos de internacionalización a través de ferramentas innovadoras
- O presidente resalta que desde a posta en marcha do Galicia Exporta Empresas, no ano 2016, téñense apoiado “preto de 1.500 plans de promoción internacional”, cunha axuda total ata a data de 30,5 M€
- Hai que sumar outros 8,7 M€ e 165 iniciativas promovidas a través do Galicia Exporta Organismos Intermedios

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe dunha nova convocatoria de dúas liñas de axudas -Galicia Expora Empresas e Galicia Exporta Organismos Intermedios- para promover a internacionalización de pemes e autónomos galegos. “Serán 3 millóns de euros para costear accións realizadas ao longo deste ano 2023”, explicou.

Rueda resaltou que estas achegas van dirixidas tanto a empresas como a clústeres, asociacións empresariais ou consellos reguladores. O presidente indicou que o obxectivo é que as empresas galegas sigan exportando e “abríndose a novos mercados”. Nesta liña, destacou que nos primeiros sete meses de 2023 bateuse un novo récord de exportacións ao chegar “a cifra histórica de 17.374 M€”.

Para iso as axudas buscan impulsar actividades “de difusión no exterior” coma campaña publicitarias e a participación en feiras internacionais así como a accións específicas “para aumentar as exportacións e adaptar os produtos as demandas dos países” onde se van vender.

As axudas, que se poderán solicitar durante un mes desde o día seguinte á publicación no *Diario Oficial de Galicia*, cobren as actuacións que se celebren desde o 1 de xaneiro de 2023 e ata o 15 de decembro de 2023. O apoio máximo por solicitude e beneficiario

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

chega, no caso do Galicia Exporta Empresas, ata os 95.000 euros e no de Organismos Intermedios, aos 400.000.

O obxectivo destas liñas, impulsadas pola Consellería de Economía, Industria e Innovación, a través do Igape e no marco da Estratexia de Internacionalización, é apoiar a saída ao exterior do tecido empresarial galego, especialmente de pemes e establecementos comerciais, a través de novas canles de comercialización.

Un marco no cal tamén se activará proximamente unha nova convocatoria do Galicia exporta dixital, pois o desenvolvemento das tecnoloxías dixitais supón un enorme potencial para a mellora da competitividade nos mercados internacionais no actual contexto económico. O obxectivo é permitir ás empresas apoiarse en ferramentas innovadoras para acceder aos mercados exteriores.

Neste sentido, tal e como destacou o presidente desde a posta en marcha do Galicia exporta empresas, no ano 2016, "téñense apoiado preto de 1.500 plans de promoción internacional", con accións de difusión, e asistencia a feiras ou prospección de novos mercados, cunha media de participación de máis de 240 empresas ao ano, o que supuxo unha axuda total ata a data de 30,5 M€.

Cifras ás que se suman os máis de 8,7 M€ e 165 iniciativas promovidas a través do Galicia exporta organismos intermedios. Pola súa banda, o Galicia exporta dixital ten beneficiado xa a máis de 400 empresas por importe de máis de 14 M€ e un investimento inducido de 17,6 M€.

### **Incremento das exportacións**

Todas estas accións englobábase na Estratexia de internacionalización que está a promover o goberno galego e que ten como principais claves a aposta pola dixitalización e a diversificación dos mercados exportadores.

Grazas a este esforzo conxunto, Galicia segue a bater os seus rexistros de exportacións. Así, a Comunidade sumou nos sete primeiros meses de 2023 vendas ao exterior por valor de 17.374 M€, o que supón un récord histórico, e un 2,5 % máis o período homólogo de 2022.

A balanza comercial galega presenta un saldo positivo de 5.332,1 M€ (773 millóns en xullo), cifra que duplica a obtida o primeiro semestre de 2022 e contrasta co saldo comercial de España, o cal segue lanzando un resultado negativo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DESTINA MÁIS DE 2 M€ A FACILITAR O ACCESO AO FINANCIAMENTO DA ADQUISICIÓN DE UVA POLAS ADEGAS GALEGAS PARA A CAMPAÑA DESTA ANO**

- A nova liña, da cal se beneficiarán aquelas adegas acollidas ás denominacións de orixe (DO) e indicacións xeográficas protexidas (IXP), busca paliar o encarecemento do financiamento da adquisición da colleita subvencionando xuros e gastos financeiros
- O programa facilita tamén o acceso ao crédito ás adegas fomentando a participación das sociedades de garantía recíproca (SGR) que avalen o 100 % das operacións
- Apoiaranse as comisións e xuros aplicados polas entidades bancarias e as SGR nos préstamos formalizados ou que se formalicen por parte das adegas acollidas ás DO e IXP, que inclúen 13.400 viticultores e 479 adegas cun valor económico estimado do viño comercializado superior aos 200M€

O Consello da Xunta coñeceu hoxe da nova liña de apoios que o Goberno galego vai poñer en marcha na procura de facilitar o acceso ao financiamento ao sector do viño galego de cara á campaña deste ano. O programa, que suma máis de 2M€, permitirá ás adegas acollidas ás denominacións de orixe (DO) e indicacións xeográficas protexidas (IXP) paliar o encarecemento do financiamento da adquisición da colleita subvencionando xuros e gastos financeiros.

Neste sentido, cómpre salientar que, a causa da pandemia da Covid-19, moitas adegas tiveron que recorrer a instrumentos financeiros que lles permitiron aprazar os pagamentos das colleitas deses anos e que agora deben ser amortizados. Este feito, unido á suba xeneralizada de tipos de xuros, dificulta o financiamento da campaña da uva deste ano, afectando a competitividade das adegas e mesmo os prazos da colleita.

Sobre esta base, a Consellería de Economía, Industria e Innovación, a través do Igape, activa unha nova liña de apoios que busca paliar ese encarecemento do financiamento subvencionando xuros e gastos financeiros. Así mesmo, o programa facilita tamén o acceso ao crédito ás adegas fomentando a participación das sociedades de garantía recíproca (SGR) que avalen o 100 % das operacións.

Así, a axuda consistirá na subvención das comisións e xuros aplicados polas entidades bancarias e sociedades de garantía recíproca, nas operacións de préstamo formalizados ou que formalicen os titulares de adegas de elaboración de viño acollido ás denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas vitivinícolas galegas. O prazo de presentación de solicitudes prolongarase desde o día seguinte á publicación no *Diario Oficial de Galicia* da convocatoria ata o vindeiro 15 de decembro.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Deste xeito, facilítase o acceso ao financiamento a un sector que ten unha grande importancia económica e social en Galicia, en particular no relativo á elaboración de viños de calidade diferenciada, xa que conta con cinco denominacións de orixe protexidas e catro indicacións xeográficas protexidas, ás cales están acollidas 13.400 viticultores e 479 adegas, cun valor económico estimado do viño comercializado superior aos 200 millóns de euros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DESTINOU CASE 2 M€ DE EUROS NOS ÚLTIMOS 5 ANOS PARA FORMAR ÁS 3.000 PERSOAS DO DISPOSITIVO DE DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS**

- Estas accións formativas teñen como obxectivo mellorar a preparación e seguridade do persoal, adaptándose ás necesidades operativas do servizo
- Impártense de xeito anual e ininterrompido desde o ano 2019, e aumentan o número de cursos, edicións e horas de docencia cada ano

Vén de elevarse ao Consello da Xunta o informe de avaliación da formación anual en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais. Estas accións formativas están enmarcadas no Plan de formación da Dirección Xeral de Defensa do Monte, dependente da Consellería do Medio Rural, que ten como obxectivo mellorar a profesionalización e seguridade do persoal, adaptándose ás necesidades operativas do servizo e vinculado ás diferentes categorías que o conforman. Neste sentido, o Goberno galego destinou preto de 2 millóns de euros nos últimos cinco anos para formar máis de 3.000 integrantes do dispositivo de defensa contra os incendios forestais.

Tal e como se especifica no Plan de defensa contra incendios forestais de Galicia (Pladiga), a formación é unha actividade imprescindible que reforza e mellora a profesionalización do persoal. Os contidos, a extensión e a intensidade desa formación deberá adaptarse ás circunstancias e características de cada categoría profesional.

Isto era algo que xa se consideraba na primeira revisión do Plan forestal de Galicia, máis concretamente no eixe estratéxico II, en que se recolle un instrumento de execución sobre prevención e defensa contra incendios forestais, como consecuencia, desenvolveuse un Plan estratéxico para esta finalidade. Neste programa articúlanse seis iniciativas, medidas e accións ou actuacións, unha das cales é un plan de formación continua dirixido ao persoal técnico e bombeiros forestais da Dirección Xeral de Defensa do Monte.

Este tipo de formación comezou no ano 2019 cunha programación de cursos para dous anos que quedou incluída no Programa de Formación 2019-2020, impartíndose 257 edicións de 20 cursos nese ano, chegando a un total de 7.006 participantes -como é lóxico, a maior parte dos integrantes do servizo asistiron a varias accións formativas-. No ano 2020 impartíronse 19 cursos en 41 edicións coa participación de 1.104 alumnos en total.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Dentro do Programa de formación 2021-2024, no 2023 programáronse 32 accións formativas repartidas en 467 edicións dirixidas ao persoal de defensa contra os incendios forestais 10.686 alumnos, cun total de 103.269 horas de formación.

As temáticas dos cursos teñen unha continuidade ao longo dos anos, seguindo o Plan de formación, con novas incorporacións nos contidos, actualizándose cos mellores coñecementos dispoñibles e afondando na especialización e na formación práctica. Neste sentido realízanse, por exemplo, cursos de manexo de aplicacións nos centros de coordinación, de formación en queimas prescritas e manexo do lume ou de organización das operacións aéreas na extinción de incendios.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A CONSELLERÍA DO MAR CONTRATA POR PROCEDEMENTO DE EMERXENCIA A RETIRADA E DESTRUCCIÓN DAS GAIOLAS DE ISIDRO DE LA CAL QUE ESTABAN ABANDONADAS EN SADA

- Decidiuse optar por esta solución ante o perigo de que as infraestruturas flotantes que se utilizaban para o cultivo de ollomol continuasen a desprenderse e afectasen gravemente a seguridade da navegación e das persoas
- O informe realizado para anticiparse á chegada do mal tempo certificou a grave deterioración das estruturas e, en especial, dos grillóns e as cadeas que as suxeitan ao fondo, que se atopan tan só ao 5 % da súa vida útil
- A actuación de urxencia foi adxudicada á empresa Gestiones de Seguridad y Emergencias, que prevé comezar esta semana os traballos e se impuxo cun orzamento superior a 210.000 euros e 40 días de execución

A Consellería de Mar culminou a contratación, por vía de emerxencia, dos servizos de retirada e destrución do viveiro de cultivo de peixes localizado no distrito marítimo de Sada que pertencían a unha filial do grupo empresarial en liquidación Isidro de la Cal por un importe superior aos 210.000 euros. Así o trasladou neste departamento nun informe na reunión de hoxe do Consello da Xunta, onde se dá conta de que se tomou esta decisión tras constatar que a permanencia das gaiolas utilizadas para o cultivo de ollomol constituían un grave perigo tanto para a navegación de embarcacións como para as persoas.

A quebra do grupo empresarial Isidro de la Cal hai tres anos provocou que esta instalación, que tiña capacidade de producir 250 toneladas anuais de ollomol, quedase a frote e abandonadas, pois no procedemento concursal non se presentou ningunha oferta para quedarse con elas. Está composta por 30 gaiolas de 25 metros de diámetro, outras 20 de 16 metros e unha plataforma auxiliar de 27 por 20 metros con oito flotadores.

Despois de que a finais do pasado mes de xuño se soltase un destes enxeños flotantes e acabase varado nun areal en Veigue, co conseguinte perigo para os bañistas, desde a Xunta de Galicia decidiuse realizar un estudo para anticiparse á chegada do mal tempo coñecer a situación das gaiolas para ver de retiralas de xeito subsidiario o antes posible, velando así pola seguridade dos barcos e do conxunto dos cidadáns.

Malia que quen debería facerse cargo desta xestión é a administración concursal da antiga Isidro de la Cal, adoptouse esta decisión tendo en conta que os artefactos poden supoñer un risco para a navegación se se soltan da súa ancoraxe actual. Confirmouse que as cadeas e outros que suxeitaban as gaiolas estaban moi deterioradas, a maior

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

parte con menos do 5 % da súa vida útil, polo que se optou por non dilatar máis no tempo a adopción dunha solución. Ademais, as cuadrículas en que están situadas poden empregarse para outorgar unha nova concesión a novos operadores interesados nesta zona.

Optouse pola vía da declaración de emerxencia e solicitouse o orzamento a tres empresas especializadas, recibindo varias propostas. Finalmente, despois da análise das propostas recibidas, adjudicouse a Gestiones de Seguridad y Emergencias por un total de 210.782 euros. A empresa estableceu un prazo de execución do contrato de 40 días naturais e a súa previsión era a de comezar os traballos esta mesma semana.

O custo da retirada será comunicado ao administrador concursal de Isidro de la Cal para que sexa recoñecido como crédito contra a masa activa do empresa, co obxectivo de poder recuperar algún día os recursos públicos desembolsados.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA